



Día do Seminario 2021

Pai e irmán, como san Xosé

Como cada ano, a nosa Diocese prepárase nestes días para a celebración do Día do Seminario deste ano 2021. A celebración do Ano Xubilar de san Xosé axúdanos a canalizar esta celebración seguindo as pautas da Carta Apostólica do Papa Francisco *Patris corde*.

O noso primeiro obxectivo é conseguir que a festividade de San Xosé, patrón do noso Seminario Maior e modelo dos sacerdotes, teña unha relevancia especial. E máis **aínda** pensando nas circunstancias que estamos a afrontar no medio desta pandemia.

Na súa Carta Apostólica o Papa Francisco preséntanos a San Xosé como un pai sempre disposto a facer a vontade de Deus e entregado por completo á misión que a Providencia lle confiou.

Nestes momentos das nosas vidas agradecemos ao Papa que nos presente a un santo tan querido por el, e que nolo propoña como un modelo a seguir para todo cristián, en especial para todo sacerdote. O mesmo que San Xosé afrontou as dificultades da vida coa humildade, a intelixencia e a valentía dun pai xeneroso, tamén nós estamos chamados a **seguilo** neste camiño co ánimo que el nos transmite e coa esperanza da fe que o Señor nos concede.

Os nosos Seminarios necesitan fixar a atención na figura de San Xosé e abrir os nosos ollos ao modelo da súa vida en íntima comunión coa de Xesús. No fogar de Nazaret María e Xosé educan paternalmente ao Fillo de Deus para a súa misión. Tamén os nosos Seminarios son o fogar onde se xesta e **se educa** a misión dos futuros sacerdotes diocesanos. Os Seminarios Maior e Menor son realmente un presbiterio en xestación. Neles, a presenza próxima e tenra de San Xosé en cada comunidade formativa, á beira de María e en estreita colaboración co misterio da súa maternidade, sosterrá os nosos esforzos para ofrecer á nosa Diocese e á Igrexa pastores misioneiros segundo o corazón de Deus.

Con razón enténdese que os Seminarios sexan o corazón da nosa Diocese. Pero corremos o risco de que tal afirmación quede nunha figura retórica se esquecemos os deberes elementais que cara a eles temos todos os diocesanos. En primeiro lugar, os sacerdotes como pastores do pobo de Deus a quen nos corresponde manter a proximidade espiritual e física das nosas parroquias e comunidades cos nosos seminaristas e promover **entre a nosa mocidade** a vocación sacerdotal. Moi importante e decisiva é a oración e o apoio das Comunidades Contemplativas, así como as da Vida Relixiosa e os Consagrados en tantas ocasións **nas** que a súa proximidade e a súa experiencia son indispensables. Na relación de comunión da nosa Diocese cos nosos Seminarios, os pais cristiáns teñen un lugar esencial posto que a súa xenerosidade é o leito de toda vocación consagrada. Tamén aos nosos catequistas estaránlles sempre en débeda a Diocese e os nosos seminaristas. É o pobo de Deus, ao fin, o que por todas partes e en toda circunstancia sostén a vida e a misión dos nosos Seminarios.



Loitemos todos por darlle vida aos nosos Seminarios. Neles está o futuro dos nosos pastores. Pidamos sen descanso ao dono **do campo** que envíe obreiros **a traballalo**: «*Rogade, pois, ao dono da colleita, que mande obreiros á súa ceifa*» (Mt 9,36). Así nos ensinou o Señor para pedir polas vocacións. Oración que ha ser constante, pero que se intensifica ao chegar estas datas **nas** que as comunidades eclesiais de todo o mundo únense cun só corazón e desexo nesta petición común.

Temos necesidade de sacerdotes que fagan presente a Cristo, bo Pastor, que veu proclamar a boa **nova** aos pobres e a liberdade aos **asoballados**. Necesitamos sacerdotes que impulsen, promovan e leven a cabo a inmensa tarefa da **evanxelización**. A nosa Diocese **precisa** sacerdotes que teñan coraxe para ir ao encontro **da xuventude**, dos afastados, dos marxinados. Sacerdotes capaces de iluminar a fe e a vida de tantas persoas que viven hoxe en situacións difíciles.

Hoxe segue sendo unha tarefa apaixonante ser testemuñas de Deus no mundo e entregar a vida por completo a esta vocación sacerdotal. É verdade que a nova **evanxelización** non **se** levará a cabo sen os **segrares**. Pero a maior participación **do laicado** nesta gran empresa eclesial, xa **o** estamos vendo, necesitará da presenza de moitos sacerdotes e consagrados.

Pidamos con forza ao Señor polas vocacións sacerdotais e polos nosos Seminarios que as acollen e **acompañan**. Que o Señor nos conceda o don de novas vocacións ao sacerdocio para **que** na nosa Diocese nunca nos falten pastores que sirvan e conforten ao pobo de Deus.

Que san Xosé bendiga aos nosos Seminarios e protexa sempre á nosa Diocese.

Unidos no camiño da Pascua.

+ Luis Quinteiro Fiuza.

Bispo de Tui-Vigo.